



*REGULAMENTO DE
XUÍCES/ZAS*

PREÁMBULO

Esta normativa responde a necesidade de regular, nun só documento, todas as regras que afectan o desenvolvemento das funcións de xuíces/as das distintas especialidades ximnásticas, no seu labor como tales.

Responde o compromiso de xuíces/as de demostrar transparencia, formación e compromiso na realización do seu labor.

CAPÍTULO I.-XENERALIDADES

Art. 1.- Ámbito de aplicación:

Aplicarase a todos os/as xuíces que realizan o seu labor en todas as competicións, controis técnicos, cursos, que se realizan por a Federación Galega de Ximnasia, a partires de agora, FGX.

Art. 2.- Definición de Xuíz/a

Considerasen xuíces/zas aquelas persoas físicas, con título recoñecido por a RFEG e/ou FGX, que coidan da do cumprimento das regras nas competicións.

Art. 3.- Licenza

Todos/as os/as xuíces, para participar como tales, deberán de posuír e ter, en vigor, a licenza federativa.

Art. 4.- Niveis

Existen estes niveis de xuíces/zas.

1. Nivel 1: xuíces/zas, con licenza autonómica homologada, que teñen a capacitación para puntuar en competicións autonómicas escolares, promoción e prebase.
2. Nivel 2 autonómica: xuíces/zas, con licenza autonómica homologada, que teñen a capacitación para puntuar en calquera das competicións autonómicas.
3. Nivel 2 nacional: xuíces/zas, con licenza nacional homologada, que teñen a capacitación para puntuar en calquera das competicións autonómicas e tamén nas nacionais.
4. Nivel internacional: xuíces/zas, con licenza nacional homologada, que

teñen a capacitación para puntuar en calquera das competicións autonómicas e tamén nas nacionais.

Art. 5.- Formación.

1. A competencia da formación de xuíces corresponde a RFEG.
2. A FGX pode organizar cursos de formación e exames adecuados que permitan a obtención dos títulos adecuados aos niveis axeitados. Estes cursos para a obtención dos niveis recoñecidos estarán regulados segundo normativa da Escola Nacional de Gimnasia da RFEG.
3. A FGX poderá organizar cursos de formación para os xuíces/zas, sempre coa autorización e coas normas da RFEG, previa solicitude ante ela.
4. A FGX poderá organizar cursos de actualización para os xuíces/zas co fin de manter a súa formación continua.

CAPÍTULO II.- COMITÉ DE XUÍCES/AS

Art. 6.- Nos Estatutos Federativos, Art. 61, reflíctese a obrigatoriedade de crear un comité de xuíces, onde tamén se sinala cales son as súas funcións.

Art. 7.- Estes comités, un por cada especialidade deportiva, estarán constituídos por un só membro, nomeado por o presidente da FGX, responsable de xuíces/zas, que será o de maior nivel. No caso de varios do mesmo nivel o será elixido e nomeado por el.

Art. 8.- Serán funcións, ademais do fixados nos Estatutos federativos, deste comité e /ou responsable de xuíces/zas as que seguen:

1. Propoñer os cursos de actualización para os/as xuíces da súa especialidade.
2. Nomear ao/á xuíz/a representante da FGX nos campionatos nacional.
3. Designar ao/á xuíz/a nos controis técnicos organizados por a FGX.
4. Propoñer o número de xuíces/zas que conformarán os paneis do xurado en cadanseu campionato segundo a transcendencia da mesma.

CAPÍTULO III.- DEREITOS E OBRIGAS

Art. 9.- Dereitos

Os/as xuíces/zas teñen dereito:

1. A estar informados de todas as novidades que se produzan nos códigos de puntuación
2. A ser respectados, durante a súa función como tales, en todas e cada unha das competicións e por todos os participantes.
3. E ningún momento ningún participante, técnicos, ximnastas, poderán dirixirse a eles/as para calquera tipo de reclamación, salvo que unha vez feita esta ante o Comité de Competición e feita a consulta, este o autorice.
4. A que a FGX poña a súa disposición todos os medios materiais precisos para unha mellor realización do seu traballo.
5. A participar naqueles cursos de actualización e formación, promovidos por a FGX, nas condicións nas que se convoquen.

Art. 10.-Obrigas

Os/as xuíces/zas terán a obriga de:

1. Mostrar imparcialidade e obxectividade nas súas decisións e no desempeño das súas funcións
2. Posuír os coñecementos precisos e estar actualizados/as para aplicar os códigos de puntuación e as súas actualizacións.
3. Ser respectuosos con todos e cada un dos participantes
4. Ser puntuais e respectar as regras da competicións nas que poidan participar e presentase coa uniformidade regulamentaria.
5. Acatar as decisión do responsable do xurado, cando este/a entenda que existe unha desviación de nota

Art. 11.- Incompatibilidades.

1. Todo/a xuíz/a con relación familiar de consanguinidade, en primeiro grado, debe de absterse de participar como xurado.
2. Se por circunstancias da propia competición, no houberse forma de que non participar no mesmo, deberá de ausentarse na categoría na que se producise este feito.

Art. 12.- Composición do xurado nas competicións

1. Os xurados das competicións estarán formados por un responsable o xurado e o panel de xuíces/zas.
2. O número total de xuíces/zas vira dado por a normativa técnica da competición. Nesta normativa ven marcado o número mínimo deles/as que se poderá aumentar e/ou diminuír, dependendo das circunstancias que se poidan producir e sempre con coñecemento do/a responsable do comité.

12.1.-O/A responsable do xurado.

As súas funcións serán as que seguen:

1. Supervisar a competición, formar parte do Comité de Competición, como asesor.
2. Controlar e revisar as notas outorgadas por os demais xuíces/zas do panel.
3. Se houberse un erro grave tomar a decisión para corrixilo.
4. Supervisar e verificar as actas finais da competición a asinalas antes da entrega de trofeos.
5. Dirixir a reunión de xuíces/zas, xuntamente coa secretaria da federación.
6. Realizar os sorteos para puntuación dos/as distintas xuíces.

12.2.-O panel de xuíces/zas.

A composición do panel de xuíces vira dado polo sorteo celebrado na reunión previa ao inicio da competición.

Nese panel, o/a responsable, ademais das súas funcións, exercerá como calquera outro/a integrante do mesmo.

Art. 13.-Condicións económicas

Compensarase aos/ás xuíces/zas por:

1. Desprazamentos, incluídos custes de peaxe, previa presentación dos recibos.
2. Puntuación
3. Se a competición se desenvolve en sesión dobre a manutención correrá a



cargo da FGX.

DISPOSICIÓN FINAL: O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación por a Asemblea Xeral